

1. Seccións bilingües.

Conforme á Resolución do 25 de abril de 2017 pola que se fixo pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2017/18, o centro incorporou unha sección en lingua inglesa, na materia de TIC de 4º curso de ESO.

Conforme á Resolución do 12 de abril de 2019 pola que se fixo pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2019/20, o centro incorporou dúas seccións (unha para cada grupo de alumnado) en lingua inglesa, nas materias de Educación Física e Educación Plástica Visual e Audiovisual, no 1º curso de ESO

Atendendo a nova configuración de grupos derivada da situación da COVID-19, ampliouse o número de alumnos admitidos adecuándose ao incremento da demanda, configurando 3 grupos completos en 1º curso sen necesidade de desdobres, polo que non supón un incremento de recursos.

Neste curso 2020/2021, configuramos as seguintes seccións bilingües.

Materias	Alumnos	Coordinador/a	Profesor/a
EPVA 1º ESO	58	Arambillet Salvador, Esperanza	García Saavedra, Dolores Ángeles
EF 1º ESO	58	Arambillet Salvador, Esperanza	Suárez Vázquez, José Carlos
TIC 4º ESO	18	Rivas Romero, Juan Antonio	Bort Couceiro, Juan José

2. Criterios de selección de acceso.

Na Concreción curricular e nas NOF do centro están previstos os seguintes criterios de prioridade que se aplicarán no caso de que a demanda supere as prazas ofertadas:

- 1.º Maior nota de inglés no curso académico anterior.
- 2.º Maior nota media no curso académico anterior.
- 3.º Os empates dirimiranse por sorte entre os afectados.

Neste curso non foi necesario aplicarlas xa que, unha vez coñecida a autorización de aumento de grupos pola aplicación das medidas do protocolo COVID-19, co fin de manter a distancia de 1,5 m entre alumnos, puidemos constituír máis grupos bilingües sen incremento de horas, 3 grupos en 1º curso e 2 grupos en 4º curso. As listaxes de admitidos foron publicadas na web do centro.

3. Auxiliar de conversa.

A persoa auxiliar de conversa incorporárase ao centro o 1 de outubro de 2020 e cesará nas súas funcións o 31 de maio de 2021, neste curso foi nomeado:

D. **James Peters** de nacionalidade **Británica**

O auxiliar de conversa asistirá ao profesorado CLIL, con prioridade, e profesorado especialista de linguas estranxeiras as súas funcións específicas irán fundamentalmente encamiñadas a reforzar as destrezas orais do alumnado. As tarefas da persoa auxiliar están especificadas na Guía de auxiliar de conversa 2020-2021.

O seu coordinador será **Juan Antonio Rivas Romero** que como tal será a persoa de referencia para a orientación e supervisión do seu traballo.

O seu horario semanal por un total de 16h será de o que segue:

Hora	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35					
9.35-10.25					
10.25-11.15					
11.15-12.35					
12.35-13.25					
13.35-14.15					
16.20-17.10					
17.10-18.00					

3. Seguimento.

Segundo a normativa vixente, o coordinador da sección levantará acta semanal da reunión de coordinación coa persoa auxiliar e o profesorado AICLE/CLIL segundo o horario anterior.

Trimestralmente incluírase unha acta na que se valorará a marcha de sección durante ese período, incluíndo valoración de resultados coa incidencia nestes do desenvolvemento do proxecto.

4. Avaliación e memoria.

Na avaliación final de curso, elaboraranse os seguintes documentos que se remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.:

- Memoria do profesorado AICLE/CLIL.
- Memoria sobre a actuación da persoa auxiliar de conversa realizada pola persoa coordinadora do programa no centro co visto e prace da persoa directora.
- Memoria realizada pola persoa auxiliar de conversa sobre a súa experiencia.

Así mesmo, estas memorias incorporaranse á Memoria Xeral Anual.